Asinado dixitalmente por:
Rexistro electrónico
Data: 26/03/2024 01:33:18
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XII lexislatura
Número 3
26 de marzo de 2024

CSV: BOPGDSPG-cy557kW1J-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos
2.2.2. Composición da Deputación Permanente
2.2.5. Composición das comisións

Acordo da Mesa do Parlamento, do 25 de marzo de 2024, relativo á composición das comisións parlamentarias e da Deputación Permanente, así como á distribución proporcional nelas dos grupos parlamentarios, e apertura do prazo para que os grupos parlamentarios designen as deputadas e os deputados que se integrarán nelas 137

Resolución da Presidencia, do 26 de marzo de 2024, pola que se admite a trámite o escrito dos grupos parlamentarios Popular de Galicia, do Bloque Nacionalista Galego, dos Socialistas de Galicia e Mixto, no que solicitan modificación do acordo da Mesa do Parlamento do 25 de marzo de 2024 relativo á composición da Deputación Permanente (doc. núm. 373) 138

2.3. Réxime e goberno interior
2.3.2. Acordos e resolucións dos órganos da Cámara en materia de réxime e goberno interior

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 25 de marzo de 2024, de delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento de Galicia na Presidencia da Cámara 139

CSV: BOPGDSPG-cy557kW1J-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

2.2.2. Composición da Deputación Permanente

2.2.5. Composición das comisións

Acordo da Mesa do Parlamento, do 25 de marzo de 2024, relativo á composición das comisións parlamentarias e da Deputación Permanente, así como á distribución proporcional nelas dos grupos parlamentarios, e apertura do prazo para que os grupos parlamentarios designen as deputadas e os deputados que se integrarán nelas

Logo de oída a Xunta de Portavoces do 25 de marzo de 2024, a Mesa adopta o seguinte acordo:

1. Aprobar a composición das comisións parlamentarias con representación proporcional e da Deputación Permanente:

— Composición das comisións con representación proporcional: 17 membros
— Composición da Deputación Permanente: 23 membros e a Presidencia da Cámara

2. Aprobar a distribución proporcional dos grupos parlamentarios nas comisións e na Deputación Permanente:

a) Comisións de composición proporcional: Comisións 1ª, 2ª, 3ª, 4ª, 5ª, 6ª, 7ª, 8ª , do Regulamento, de Control da Corporación Radio e Televisión de Galicia e para as Relacións co Consello de Contas:

— 9 membros do Grupo Parlamentario Popular de Galicia
— 5 membros do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
— 2 membros do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
— 1 membro do Grupo Parlamentario Mixto

b) Deputación Permanente:

— 12 membros do Grupo Parlamentario Popular de Galicia
— 7 membros do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
— 3 membros do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
— 1 membro do Grupo Parlamentario Mixto

3. Abrir o prazo para que os grupos parlamentarios designen as deputadas e os deputados que se integrarán nos órganos parlamentarios seguintes:

— Comisións 1ª, 2ª, 3ª, 4ª, 5ª, 6ª, 7ª, 8ª
— Comisión do Regulamento
— Comisión de Peticións
— Comisión do Estatuto dos Deputados
— Comisión de Control da Corporación Radio e Televisión de Galicia

CSV: BOPGDSPG-cy557kW1J-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

— Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas
— Deputación Permanente.

O prazo rematará o día 26 de marzo de 2024, martes, ás 14.00 horas.

4. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.*

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2024
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Resolución da Presidencia, do 26 de marzo de 2024, pola que se admite a trámite o escrito dos grupos parlamentarios Popular de Galicia, do Bloque Nacionalista Galego, dos Socialistas de Galicia e Mixto, no que solicitan modificación do acordo da Mesa do Parlamento do 25 de marzo de 2024 relativo á composición da Deputación Permanente (doc. núm. 373)

Examínase o escrito dos grupos parlamentarios Popular de Galicia, do Bloque Nacionalista Galego, dos Socialistas de Galicia e Mixto, no que solicitan modificación do acordo da Mesa do Parlamento do 25 de marzo de 2024 relativo á composición da Deputación Permanente.

A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia (Acordo da Mesa do Parlamento do 25 de marzo de 2024, publicado no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 3 do 26 de marzo de 2024), resolve:

1º. Tomar coñecemento do escrito dos grupos parlamentarios Popular de Galicia, do Bloque Nacionalista Galego, dos Socialistas de Galicia e Mixto, no que solicitan modificación do acordo da Mesa do Parlamento do 25 de marzo de 2024.

2º. Aprobar que a Deputación Permanente quede conformada por 25 membros e a Presidencia da Cámara, de maneira que a distribución por grupos parlamentarios sexa a seguinte:

— 13 membros do Grupo Parlamentario Popular de Galicia
— 8 membros do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
— 3 membros do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
— 1 membro do Grupo Parlamentario Mixto

3º. Comunicar este acordo aos portavoces dos grupos parlamentarios e mais ás unidades administrativas competentes da Administración do Parlamento de Galicia e ordenar a súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

4º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa do Parlamento que teña lugar.

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2024
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

CSV: BOPGDSPG-cy557kW1J-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

2.3. Réxime e goberno interior

2.3.2. Acordos e resolucións dos órganos da Cámara en materia de réxime e goberno interior

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 25 de marzo de 2024, de delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento de Galicia na Presidencia da Cámara

Co obxecto de mellorar a eficiencia das actuacións da Mesa do Parlamento, semella oportuno delegar na Presidencia a resolución dos asuntos de carácter ordinario que sexan urxentes sobre os que debe pronunciarse aquela cando non estea reunida.

Polo exposto, a Mesa do Parlamento de Galicia, en sesión do 25 de marzo de 2024 e ao abeiro do disposto no artigo 30.1.2ª do Regulamento do Parlamento de Galicia, dispón:

Deléganse na Presidencia do Parlamento de Galicia as competencias da Mesa do Parlamento de Galicia respecto dos asuntos de carácter ordinario que sexan urxentes e inaprazables, cando este órgano non estea reunido, sen prexuízo de que a Presidencia dea conta á Mesa das decisións tomadas por delegación.

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2024
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

CSV: BOPGDSPG-cy557kW1J-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-cy557kW1J-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/